

ACTA XUNTANZA CONSELLO CAMPUS PONTEVEDRA

Lugar: Sala de conferencias da vicerreitoría do campus de Pontevedra e Campus Remoto da Uvigo: Sala 15 de Reitoría (Vice. Campus PO)

Data: 26 de maio de 2021

Hora de comezo: 10:30 h

Hora de remate: 12:00 h

Asistentes: Manuel Joaquín Reigosa Roger, Jorge Soto Carballo, Ana Belén Fernández Souto, Lucrecia M^a López Rubianes, Purificación Marcet Miramontes, Carlos Mollinedo Lois, Emma Torres Romay, Óscar García García, Alejandro Virgós Soto, Juan Picos Martín e Marcos Dopico Castro. Tamén intervén a vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais, Mónica Valderrama Santomé e o decano comisario da futura Facultade de Dirección e Xestión Pública, Enrique José Varela Álvarez.

Excusan asistencia: Sara María Torres Outón, e Álvaro Xosé López Mira.

1. Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase por asentimiento.

2. Informe do Presidente

Comeza o reitor a súa intervención indicando os temas que están a tratar coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade sinalando que hai dous temas enriba da mesa:

1- Novo plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia: estase a negociar e xa hai acordo co resto das Universidades Galegas. Espérase que sexa un plan de financiamento mellor pero ninguén sabe como vai ser o futuro inmediato en canto á recuperación orzamentaria. O reitor agarda que estas negociacións poidan estar completadas no mes de setembro, de tal xeito que “poidan incorporarse as novas achegas” ao orzamento do ano 2022.

2- Mapa de titulacións. Hai consenso entre as tres universidades, pero a Uvigo aspira a que a meirande parte dos títulos que están propostos teñan presenza da Universidade de Vigo, pero aínda se pechou onte a chegada de información por parte dos centros, sinala o reitor.

Continúa coa súa intervención facendo unha enumeración das intervencións e outros temas relacionados co campus de Pontevedra:

- Posta en marcha da caldeira de biomasa no campus de Pontevedra, un sistema modélico.
- Asinouse un convenio novo coa Consellería de Política Social para o programa universitario de maiores, con maior inversión.
- Seguen as negociacións para a creación da Facultade de Enfermaría, para integrar as tres escolas universitarias públicas actuais existentes nos campus de Pontevedra, Vigo e Ourense, ata o de agora centros adscritos á Universidade. Aspírase a que nesta facultade tamén se albergue un mestrado específico e un programa de doutoramento.
- Informa do “conflito” suscitado polo Mestrado en Exercicio Terapéutico e Funcional en Fisioterapia, “proposto pola Facultade de Fisioterapia e que foi recorrido polo decano de Ciencias da Educación e do Deporte”, Óscar García. A respecto desta nova titulación, cuxa declaración de interese foi aprobada polo Consello de Goberno o pasado mes, o reitor explicou que a Universidade buscará desenvolver en primeiro termo un labor de

“mediación”, a través da unidade neste ámbito. Sinala que, seguindo a proposta da asesoría xurídica, “pedimos información a persoas expertas” alleas á Universidade, xa que calquera decisión “terá que estar fundamentada con razóns xurídicas”.

- Aprobouse a sinatura do convenio co Concello de Pontevedra para facer o Skate Park na entrada do campus para avanzar nunha futura transformación do campus.
- Celebrouse unha xornada sobre o efecto da COVID na industria forestal, na Escola de Enxeñaría Forestal.
- Aprobouse na Uvigo a transformación de ECOBAS como centro interuniversitario na que participará todo o SUG; deste xeito terá máis orzamento. Está pendente a aprobación por parte da USC e a UDC.
- En canto ao edificio da Xunta en Benito Corbal, indica o reitor que se fixo unha visita oficial no mes de abril ás obras de acondicionamento das plantas superiores destinadas á Universidade. O reitor explicou que este espazo acollerá “todo o que teña que ver co Campus Crea, que ten vocación de permanencia neste edificio” e nel iniciará a súa docencia a futura Facultade de Deseño, “cando esta sexa unha realidade”. Tamén terá a súa sede o grupo de investigación Post-growth Innovation Lab, do investigador Mario Pansera, que se incorporou á Universidade como gañador da axuda Starting Grant do Consello Europeo de Investigación (ERC), e que implicará tamén a incorporación doutros investigadores “con zona internacional” ao campus de Pontevedra.
- Remata a súa intervención o reitor anunciando que están “a piques” de completarse os trámites para a creación do novo ximnasio de Ciencias da Educación e do Deporte.

O profesor. Enrique Varela agradece ás autoridades da Universidade o apoio na creación da Facultade de Dirección e Xestión Pública e considera que na próxima reunión xa se poderá facer un informe ao respecto. O reitor subliña o carácter internacional desas titulacións.

3. Informe do vicerreitor do campus de Pontevedra

Toma a palabra o vicerreitor do campus de Pontevedra e comeza agradecendo a presenza tanto presencial como a través do campus remoto dos asistentes, e desculpa a ausencia dos profesores Álvaro Xosé López Mira e Sara María Torres Outón. Continúa felicitando ao novo decano da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, Óscar García e agradece tamén o labor da decana da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e ao decano de Dirección e Xestión Pública pola súa colaboración na creación do novo curso.

A continuación pasa a detallar as accións levadas a cabo, desde o último Consello de Campus celebrado o 18 de marzo de 2021.

En materia de Planificación e Infraestruturas:

1. Inicio da obra de eficiencia enerxética no Campus Universitario. Esta semana iniciáronse as obras vinculadas a reparación dos farois das beirarrúas existentes no campus de Pontevedra, e substitución das lámpadas por paneis de leds nos farois asentadas nas beirarrúas perimetrais das Facultades.
2. Instalación de punto de asistencia para bicicletas. Recentemente, se implantou un punto de arranxo básico de bicicletas, que se asentou na zona cuberta da entrada da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. É un punto de asistencia para todo o campus.
3. Revisión do funcionamento do circuío de Cámaras de videovixilancia do Campus. Debido a detección de varias deficiencias no circuío pechado de videovixilancia, procedeuse a cambiar cámaras e alimentadores, quedando tódalas cámaras en funcionamento.

4. Actualización e envío do convenio coa XERA (Axencia da Industria Forestal da Xunta de Galicia), co obxectivo de afrontar de forma conxunta a redución da contaminación acústica xerada pola estrada da Avda. de Compostela. Desenvolveuse un convenio de colaboración entre a Uvigo e a XERA para afrontar actividades vinculadas a mitigar a contaminación acústica da estrada da Avda. de Compostela. Fixéronse varias modificacións ao borrador inicial, esperando de novo ou informe da asesoría da XERA.
5. Avaliación de intervención no chan que alberga o Parque de exercicio físico de calistenia no Campus de Pontevedra co fin de reducir a erosión do terreo. Recentemente instalouse un parque de Calistenia no Campus, parcela diante de Fisioterapia. Debido ao elevado uso, deste parque, estase a deteriorar moi rápido a herba, polo que se implantará un chan máis compacto.
6. Instalación e posta en funcionamento da iluminación da marquesiña no viario central do campus. Recentemente instalouse a iluminación da marquesiña, que encende automaticamente co alumeado público.
7. Revisión da fonte do Campus. Procedeuse a limpar e temporalizar o funcionamento da fonte de Campus para que funcione media xornada.
8. Transformar o arquivo de Forestais, situado ao carón do despacho da Xefa da Área económica do Campus de Pontevedra, nun despacho. Este espazo está destinado ao Persoal de administración e servizos (Negociado de apoio ao Campus).
9. Mellora da saída da escaleira á cuberta na Escola de Enxeñaría Forestais. Procedeuse a implantar unha plataforma que facilita a saída a cuberta da citada Escola.
10. Procedeuse a axustar as xanelas e manillas das mesmas na Escola de Enxeñaría Forestal.
11. Benito Corbal. Visita do Vicepresidente da Xunta de Galicia o 23 de abril a Sede e compromiso de rematar as obras en xuño e comenzo a finais de xuño. Nese espazo estará o grupo do investigador Mario Pansera, a sede do Campus Crea e a nova titulación de Deseño.
12. Estase a estudar diferentes propostas de intervención e presupostos para solucionar as filtracións en fachada e cubertas na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.
13. Informouse ao Concello, das deficiencias que están a xenerar as árbores na cuberta do Pavillón Universitario no recinto da antiga Escola de Maxisterio.
14. Solicitáronse orzamentos e propostas de intervención para solucionar a fenda no pavimento do pavillón Universitario, provocada pola xunta de dilatación.
15. Estamos á espera do informe de costas para executar o peche perimetral do espazo final da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Fíxose unha proposta para un cerramento en madeira, pero debido á localización preto do río Lerez é necesario o “visto e prace” de Costas e Augas de Galicia.
16. Pendente da valoración para reparación canalón oculto e fachada da Horta do Cura (Vicerreitorado). Debido as constantes filtracións xeradas pola parede en común coa Horta do Cura, estase a estudar diferentes propostas de intervención coa coordinación do propietario.
17. En breve instalaranse unha fotolinera (poste de recarga eléctrica) para vehículo no campus de Pontevedra. A localización está por definir aínda.
18. Nestes momentos está en execución a instalación de tomas de corrente na Biblioteca de Belas Artes.

19. Vaise a proceder a reforma da Sala X e solicitáronse presupostos de iluminación, pintado, abrillantado e instalacións eléctricas. Foi tramitada a adxudicación para empezar as obras, unha vez que a sala estea libre de exposicións.

En relación o Campus Crea e o Green Campus:

1. Desenvolvemento de actividades da Semana da Creatividade e da Innovación 2021. Dada a situación derivada da pandemia, fixéronse diversas actividades tendo en conta as restriccións derivadas da pandemia. Desenvolveuse un ciclo de conferencias, coa presenza de tres destacados especialistas en fisioterapia, nutrición e economía circular-ecolóxica, que se puideron seguir de maneira presencial (con aforo limitado) e de xeito en liña a través do campus remoto. O programa do ciclo é como sigue:

- “Fisioterapia oncolóxica” 19 de abril, luns ás 11h na Aula Magna da Facultade de Fisioterapia. Impartida por Marta Gómez Nicolás (Oncowellness, Madrid).
- “Economía ecolóxica, novas ideas para a sustentabilidade” 23 de abril, venres ás 13h no Salón de Graos da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Impartida polo Doutor Xavier Simón Fernández (Universidade de Vigo).
- “Pautas para unha alimentación saudable” 22 de abril, xoves ás 13h no Salón de Graos da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Impartida polo nutricionista Jorge Ascariz Peiteado (A Coruña).

Ademáis deste ciclo, fíxose unha exposición relacionada co deporte olímpico, na casa das Campás: “12 + 1. Os Xogos Olímpicos nos últimos 50 anos a través da interpretación de Carlos David Illescas Vacas”. Sala de Exposicións da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra (Casa das Campás). Do 19 ao 23 de abril.

Así mesmo temos anunciado a:

2. Publicación da convocatoria dos I Premios Campus CREA-Creatividade e Innovación (financiados polo Consello Social). Preténdese dar un impulso á Creatividade e á innovación no campus mediante a participación do alumnado no desenvolvemento de obras colaborativas interdisciplinares.

3. Sinatura do convenio de participación en proxecto CICLOGREEN. Esta actividade pretende fomentar os hábitos saudables e a sustentabilidade en canto á mobilidade da comunidade universitaria, fomentando o uso da bicicleta en lugar do coche. O proxecto iniciouse dende aquí, e unha vez asinado fíxose extensivo aos outros campus da Universidade de Vigo, que tamén puideron participar no desafío.

4. Inicio da actividade Roteiro do Arboreto do Campus de Pontevedra. Máis de 250 estudantes de ESO e Bacharelato dos institutos de Pontevedra e Poio participan ao longo do mes de maio nesta actividade, no que a educación ambiental e o fomento da conservación do medio ambiente son os obxectivos fundamentais que se perseguen.

5. Elaboración e difusión do Boletín de convocatoria de Proxectos (europeos, nacionais e autonómicos) e xornadas de difusión (webinarios, etc.). Seguindo coa dinámica habitual, fixemos a difusión dun boletín mensual coas convocatorias de proxectos máis relevantes, prestando especial atención a aquelas que poderían resultar de máis interese para os grupos de investigación do campus de Pontevedra.

6. Incorporación da nova Xestora de Campus CREA. No marco do convenio que a Universidade de Vigo asinou coa Xunta de Galicia, acaba de incorporarse esta Xestora, contratada ata finais de 2022, e que fará tarefas de xestión relacionadas co campus CREA.

7. Elaboración dun Catálogo de Servizos do Campus CREA en colaboración coas empresas InovaLabs e Arinfo, co obxectivo de crear unha ferramenta de consulta para calquera persoa interesada no que ocorre no campus de Pontevedra. Ofrecerá información

relevante a todos os sectores da poboación, como alumnado, investigadores, empresas, entidades sociais, etc.

8. Sinatura do convenio co Concello de Pontevedra. O convenio pretende abordar o desenvolvemento de diferentes actividades de interese tanto para o campus de Pontevedra como do propio concello da cidade, e establecer así unha relación máis estreita entre ambas entidades.

9. Actualización da páxina web do grupo de consumo responsable Campus de Pontevedra, apoiado dende a vicerreitoría do campus de Pontevedra. Este grupo, que leva funcionando dende hai uns meses, pretende aumentar a participación da comunidade universitaria neste proxecto de consumo de produtos de cercanía e ecolóxicos. Estase preparando unha campaña de difusión para concienciar á comunidade universitaria.

10. Actualización e substitución das placas identificativas das árbores do campus de Pontevedra. Esta actividade está sendo desenvolvida pola persoa bolsreira da OMA do noso campus. As placas que identifican as árbores, moitas delas bastante degradadas polas inclemencias do tempo, están sendo substituídas por novas placas reimprimidas con tecnoloxía láser sobre madeira.

11. Desenvolvemento dun proxecto de Realidade Aumentada no arboreto do campus, de modo que cando esté funcional poderase acceder a nova información e novos contidos utilizando as ferramentas da Realidade Aumentada. Este proxecto está sendo desenvolvido pola persoa bolsreira do Green Campus.

12. Seguimento das actividades definidas no Plan de Acción do programa Green Campus. Seguimos facendo un seguimento dos compromisos adquiridos no último Plan de Acción.

No último apartado é no que atinxe á área de dinamización cultural, educativa e integración:

1. DOCS do mes. Esta actividade volveu no mes de abril ao Teatro Principal. A proxección de abril foi Oeconomía, un filme da directora alemana Carmen Losmann; e a de maio será Cómo robar a un país, un documental dos surafricanos, gañadores ambos do premio Emmy, Rehad Desai e Mark J. Kaplan.

2. Semana Galega de Filosofía. Do 5 ao 9 de abril, tivo lugar a XXXVII Semana Galega de Filosofía baixo o encabezamento de “Filosofía e civilización dixital”.

3. Congreso Internacional de Mediación Lectora “Ler en tempos de pandemia”, en colaboración co Concello de Pontevedra. Este evento realizouse a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo os días 22 e 29 de abril e 6 de maio. Nel interviron relatores de prestixio do sistema literario, especialmente do ámbito da mediación lectora, e participaron 150 persoas polos límites da sala. Quedaron máis de 50 persoas en lista de agarda.

4. Sala X. Estamos a levar a cabo un traballo de dinamización da sala así como unha programación para todo o ano. Neste novo pulo á Sala de Exposicións, contamos coa axuda e a colaboración do Decano de Belas Artes, Profesor Buxán e da profesora Chelo Matesánz aos que lles damos as grazas. Nestos últimos meses a sala acolleu dúas exposicións: Al cantar brilla e Vacas, cerdos, ferias y brujas.

5. Conversas Uvigo. Retomouse este proxecto, no que xornalistas dos medios de comunicación manteñen un diálogo aberto e próximo con persoas salientables no ámbito cultural, económico, empresarial. No mes de abril foi entrevistada Teresa Fernández Valdés, de Bambú Producións; e no mes de maio, Ricardo Fernández Guerra, do CIFP Carlos Oroza desta cidade.

6. Elaboración das bases e difusión do premio MUPI. Esta convocatoria busca estimular a creatividade do alumnado, a partir do que observa, sente ou lle insira o Campus Crea. O cartel gañador será exposto na marquesiña do Campus de Pontevedra.
7. En relación ao mes das Letras Galegas elaboramos o seguinte programa:
 - Premio Múltiples olladas ao redor das Letras Galegas: Xela Arias 2021. Desde este certame convídase a descubrir ou reler a creación literaria da autora para ser reinterpretada desde outros códigos artísticos (ilustración, audiovisual...).
 - Día 7 de maio. Presentación do poemario Nenas medrando (Chan da Pólvora), a cargo da autora, Silvia García, e do editor, Antón Lopo. O material fotográfico do que parte esta obra inclúese na exposición homónima que pode visitarse ata o 28 de maio na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.
 - Día 13 de maio. Presentación do libro-disco Saudades de alborada. Acolleu un relatorio introdutorio sobre a zarzuela galega por parte de Javier Jurado, así como unha intervención da soprano Loli Crespo e o pianista Alejo Amoedo.
 - Día 19 maio. Acto central do Día das Letras Galegas. Nel participaron María Xesús Nogueira cunha disertación titulada “Unha sorte de anarquía. Achegamento á vida e á obra de Xela Arias”; Xina Vega, Luís Pousa e Camiño Noia que presentaron o número especial de Tempos Novos sobre Xela Arias; e Clara Pino e Pablo Vidal, que interpretaron, musicalmente, varios textos poéticos da autora homenaxeada.
 - Día 28 de maio. Proxección do documental Xela Arias, poeta nas marxes, ao que lle seguirá un debate coa súa directora, produtora e guionista, Beatriz Pereira, e o tamén guionista Daniel Chapela, que se formaron na Universidade de Vigo.
 - Día 7 de xuño. Inauguración da exposición exterior Xela Arias. A poesía do retrato, que reúne as fotografías que Xulio Gil lle realizou á escritora. Tamén se lerán poemas de Xela Arias, así como unha alumna egresada da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, Noelia Solleiro, interpretará un dos seus textos poéticos.
8. Residencia Cidade da Cultura. A través de diferentes encontros, séguese traballando na posta en marcha dunha residencia creativa que se desenvolverá dentro do programa de Residencias da Cidade de Cultura. Esta residencia creativa estará enfocada ao deseño dun videoxogo que se asentará en contidos relacionados coa cultura galega. Estará impartida por docentes da Universidade de Vigo, situándose o seu alumnado entre os participantes con preferencia de inscrición.
9. Realizamos xunto ao decano da Facultade de Belas Artes as xestións para mudar o nome da Sala X polo de Sala de Exposicións Universitaria Manuel Moldes. O decano levou esta proposta da Vicerreitoría á Xunta de Facultade de dita Facultade aprobándose por unanimidade. Falouse coa viúva de Manuel Moldes, quen acolleu moi favorablemente dita iniciativa, prestándose a colaborar na exposición de Manuel Moldes que abrirá esta nova etapa. Así mesmo realizáronse diferentes xuntanzas co persoal de infraestruturas para abordar as melloras físicas da sala (pintado, cambio da iluminación, puído de chan...). Tamén, se mantiveron varias reunións con Chelo Matesanz e Sara Donoso para a preparación da exposición inaugural, no que atinxe á selección da obra de Manuel Moldes para esa primeira mostra, á elaboración dun catálogo e á organización dunha serie de intervencións ao redor do artista.
10. Repensar a cidade. Estase a traballar na posibilidade de articular unha serie de encontros entre persoas da comunidade universitaria e especializadas en ámbitos diversos (economía, empresa, cultura...) para analizar e debater cuestións de interese estreitamente

vinculadas coa cidade. Estes encontros estarán guionizados por profesionais de diferentes medios de comunicación da cidade de Pontevedra.

11. Contribucións económicas e apoio loxístico a diferentes eventos universitarios: congresos, residencias, elaboración de traballos de investigación...

12. Deseño da proposta de actividades para incluír no Convenio do Concello. Neste remate do actual curso académico traballarase sobre todo na posta en marcha dunha intensa programación que, agardemos, poida realizarse baixo unha situación máis laxa do control pandémico.

Detalla o vicerreitor a proposta de actividades que aparecerán no convenio Universidade de Vigo e Concello de Pontevedra:

- Teatro de Ningures: cursos de teatro e mostra de teatro MITEU na cidade de Pontevedra, así como participación do grupo pontevedrés nas mostras doutros territorios de dentro e fóra de Galicia.

- Novos Cinemas: obradoiros, clases maxistras, encontros cinematográficos, proxección de películas...

- Música e integración: taller musical dirixido a alumnado universitario e a persoas da Asociación Down Pontevedra, co propósito de articular propostas con perspectiva inclusiva.

- Repensar a cidade: encontros entre persoas da comunidade universitaria e especializadas en ámbitos diversos (economía, empresa, cultura...) para analizar e debater cuestións de interese estreitamente vinculados coa cidade. Estes encontros estarán guionizados por profesionais de diferentes medios de comunicación da cidade de Pontevedra.

- Obradoiros de promoción da economía e da creatividade:

- As temáticas destas iniciativas formativas están enfocadas á elaboración de contidos para redes sociais; á ilustración aplicada á cartelería e merchandising; ao retrato creativo; ás novas tecnoloxías e educación...

- Inmersión virtual en Pontevedra: formación para a gravación en 360º de espazos propios da cidade para a súa difusión virtual, co obxectivo de fomentar a creatividade, á vez que se dixitaliza a imaxe da cidade.

- Ecopercusión: sesións formativas que promoven o achegamento a diferentes culturas desde a palabra oral e a música.

- Actividades de realidade virtual e ocio:

- Obradoiro Mural en Perspectiva "Artland" (creación dun mural xigante feito con refugallo e gravación aérea con dron).

- Realidade Virtual mediante gafas HTC -ive (Diversas actividades xogos, pinturas en 3D, viaxe polo fondo mariño)

- Xornadas ST2REAM (explicación da denominación: "T2" corresponde a ensino ou instrución temática (teaching, en inglés); "R", a lectura (reading, en inglés); e "A", a artes).

- Entre as intervencións propostas están:

- "Circuitos en papel", "Ficcións dixitais dun mundo líquido", "Aplicabilidades da intelixencia artificial"...

- Premios: establecemento duns premios que supoñan a posta en valor da cidade e do Campus universitario desde a investigación, a innovación, a cultura e a creación.
- Roteiros: roteiros guiados e comentados, que inclúan o coñecemento da contorna, a valorización patrimonial, a práctica de deportes específicos...
- Ciclo de concertos musicais: actuación de grupos musicais de diferentes estilos e tendencias para dinamizar a cidade e o campus universitario.

4. Intervención da vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais

A Vicerreitora comparte a campaña de comunicación 2021, “Uvigo vivo nos campus”, informa sobre os soportes nos que se dará a coñecer ao público e convida aos asistentes a compartir a campaña, especialmente cando chegue a ABAU. Esta acción está suliñando a parte experiencial e poñendo en valor a idea de voltar á normalidade. Esta nova campaña de comunicación centrou a intervención da vicerreitora, quen explicou que despois do confinamento a Universidade avogou por unha mensaxe centrada nas experiencias fóra das aulas, co verbo “vivir” como núcleo central das pezas publicitarias. Remata Mónica Valderrama salientando que esta campaña está protagonizada por “persoas da UVigo como actores, relatores e creadores”.

5. Rogos e preguntas

Non hai.

En sen máis asuntos que tratar remata a sesión na hora arriba indicada